

Análise do Tratado de Estabilidade, Coordinación e Gobernanza na Unión Económica e Monetaria como novo fito da construción europea, empregando as Teorías da Integración



& *Resumen/Abstract: Neste traballo analízase o Tratado de Estabilidade, Coordinación e Gobernanza na Unión Económica e Monetaria como novo fito da integración comunitaria. No primeiro apartado sinálanse as normas de supervisión orzamentaria anteriores adoptadas pola UE. No segundo capítulo, descríbese este novo tratado orzamentario, sinalando as principais novidades que este achega respecto á lexislación previa. Durante a terceira parte ofrécese unha visión xeral do proceso de negociación deste pacto fiscal na área comunitaria, debullando os principais motivos que levaron a que a UE apostara decididamente por unha maior disciplina fiscal. A continuación explícanse as diferentes posturas adoptadas polos diferentes estados membros durante o devandito proceso de negociación desde o ámbito das teorías da integración europea. O último apartado resume as principais conclusións do traballo. &*

& *Palabras clave: pacto fiscal, vixilancia e supervisión orzamentaria, teorías da integración europea, débeda pública, déficit público.*

1. INTRODUCCIÓN

Ao longo dos últimos 60 anos produciuse un intenso proceso de integración e cooperación no ámbito europeo, principalmente no que se refire á posta en marcha e funcionamento de institucións comúns, o que transformou radicalmente o panorama social, político e económico dos estados partícipes. A importancia e trascendencia deste proceso converteuno en materia primordial de estudo da Ciencia Política.

O control e a vixilancia fiscal dos estados membros por parte da UE establecido no TCEG non se debe considerar como o primeiro gran recorte da soberanía orzamentaria dos estados membros, posto que xa existían varias disposicións previas neste sentido. Coñecer as devanditas normas resulta fundamental para entender o impacto que suporá o novo tratado orzamentario:

- A partir da entrada en vigor¹ del Tratado de Maastricht² os Estados membros viron restrinxida a súa soberanía orzamentaria ao ter que cumprir as normas establecidas no artigo 104 do TCE. No seu apartado 1 establécese que *“os Estados membros evitarán déficits públicos excesivos”*, mentres que o seu apartado 2 dispón que *“a Comisión supervisará a evolución da situación orzamentaria e do nivel de endebedamento público dos Estados membros co fin de detectar erros manifestos”*. Este artigo ampliouse nun anexo ao Tratado, denominado *“Protocolo sobre o procedemento aplicable en caso de déficit excesivo (PDE)”*. Neste protocolo establécéronse os valores de referencia do déficit público e débeda pública: os límites no tres por cento e no sesenta por cento do produto interior bruto a prezos de mercado, respectivamente (Biri-Smaghi, Padoa-Schioppa, & Papadia, 1994).
- No ano 1997 adoptouse o Pacto de Estabilidade e Crecemento (PEC). Este Pacto trataba de conseguir que unha vez comezara a posta en circulación do euro existise unha forte estabilidade económica, grazas a unhas finanzas públicas saudables na Eurozona – e a Unión Europea –, estimulando que os estados membros continuasen coa obriga de evitar os déficits excesivos unha vez comezara a Unión Monetaria (Bölükbaşı, 2007). Os dous regulamentos dos que consta van máis alá do mero establecemento de límites aos déficits públicos: no primeiro establécese que *“os Estados membros deben buscar o equilibrio orzamentario e mesmo ter superávit a medio prazo (artigo 3 apartado 2b)”*, obxectivos cuxa supervisión será analizada mediante o procedemento de vixilancia recollido no artigo 104³ do TCE (artigo 5 apartado 1). Tamén obriga aos Estados membros a presentar cada ano toda a información que a Comisión e o Consello necesiten para valorar a situación orzamentaria (artigo 3 apartado 1 para os países da Eurozona e artigo 7 apartado 1 para os demais). No segundo regulamento contémplanse as circunstancias baixo as cales se poden impoñer sancións aos Estados membros que teñan déficits excesivos. Cando se superen os valores de referencia e non sexa de carácter excepcional ou se producira unha diminución do PIB de polo menos o dous por cento, o Consello poderá decidir que o país incumpridor achegue un depósito – de como máximo medio punto do PIB (artigo 12 apartado 3) – como garantía de que reducirá o déficit.

1 O Tratado de Maastricht entrou en vigor o 1 de novembro de 1993.

2 Pódese consultar o tratado completo no seguinte enderezo:
http://eur-lex.europa.eu/es/treaties/dat/11992E/tif/JOC_1992_224_1_ES_0001.pdf (última consulta 03/11/12).

3 Na actualidade artigo 126 do TFUE.

Se nun prazo de dous anos non se corrixe esa situación, este depósito converterase en multa (artigo 13).

- No ano 2005 ratifícaronse dous novos regulamentos que actualizaban o PEC de 1997, CEs nº 1055/2005 e 1056/2005. Entre as principais achegas desta reforma atópanse a petición de acometer reformas durante as fases de crecemento da economía ou recóllese a posibilidade de ampliar o prazo dado a un país para corrir unha situación de déficit excesivo (Henrique Alves & Afonso, 2008).

2. O TRATADO DE ESTABILIDADE, COORDINACIÓN E GOBERNANZA NA UNIÓN ECONÓMICA E MONETARIA (TECG)

O TECG – tamén denominado pacto orzamentario ou pacto fiscal – é a última gran modificación da política orzamentaria a nivel europeo e representa un paso decisivo na integración europea. En termos normativos, este acordo é un tratado independente de dereito internacional público que establece unha cooperación reforzada das políticas orzamentarias e de vixilancia fiscal dos 25 Estados membros que asinaron o tratado en marzo de 2012⁴. Estas normas son complementarias ás disposicións existentes con anterioridade que tamén contemplan a regulación e cooperación da política orzamentaria dos Estados membros⁵. Malia ser un tratado intergubernamental, concede ás institucións europeas a última palabra sobre a posibilidade de sancionar ou non ao Estado membro que non cumpra as normas establecidas no Tratado. Polo tanto, a integración económica na área da moeda única refórzase claramente mediante a introdución deste mecanismo sancionador supranacional.

O TECG ten como obxectivo principal protexer e aumentar a estabilidade da zona do euro. Un dos seus aspectos fundamentais ten que ver coas esixencias necesarias para a súa entrada en vigor. Poderíase afirmar que por primeira vez na historia do proceso de integración comunitaria se prescinde da regra da unanimidade para a súa entrada en vigor (Closa, 2012). Ata este momento ningún tratado prescindira do consenso entre todas as partes asinantes para que os seus contidos entraran en vigor. Porén, o TECG establece claramente que *“O Tratado entrará en vigor unha vez que 12 Partes Contratantes cuxa moeda sexa o euro depositaran o seu instrumento de ratificación”*⁶. La fecha contemplada es el 1 de enero de 2013 o el primer día del mes siguiente al A data contemplada é o 1 de xaneiro de 2013 ou o primeiro día do mes seguinte ao depósito desta duodécima ratificación, elixindo aquela data que sexa anterior. A introdución deste novo sistema débese en gran medida ao desexo de evitar que suceda unha situación similar á acontecida no proceso de ratificación da fallida Constitución Europea, que non entrou en vigor polos resultados negativos dos referéndums celebrados en Francia e os Países Baixos. Con esta nova normativa ningún actor por si só tería suficiente forza para cancelar ou paralizar o proceso (polo menos no que a aspectos técnicos se refire) xa que sería necesario que como mínimo seis países “membros do euro” se posicionasen en contra do tratado.

4 Todos os Estados membros da Unión Europea (UE) a excepción de Gran Bretaña e a República Checa: Alemaña, Austria, Bélxica, Bulgaria, Chipre, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estonia, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Irlanda, Italia, Letonia, Lituania, Luxemburgo, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, Rumanía e Suecia.

5 Que son os artigos 121, 126 e 136 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE), o Protocolo sobre o procedemento aplicable en caso de déficit excesivo (PDE) e o Pacto de Estabilidade e Crecemento (PEC), coas súas sucesivas reformas.

6 Artigo 14, apartado 2 do TECG.

Podemos distinguir tres apartados ben diferenciados no Tratado:

I. **Introdución dun Pacto orzamentario.** Neste apartado repóllense os valores de referencia do déficit público e os procedementos de sanción contemplados:

- “A situación orzamentaria dos Estados membros será de equilibrio ou superávit”⁷, como xa recollía o PEC orixinal. Porén introdúcese un “valor de referencia do 0,5 por cento de déficit estrutural”⁸, que é algo totalmente novidoso. Ademais, posto que resulta moito máis complexo quebrantar normas recollidas en leis nacionais que en leis comunitarias, establécese que este valor do 0,5 por cento “ten que introducirse no Dereito nacional dos Estados membros mediante disposicións que garantan o seu cumprimento”⁹.
- “Se a débeda pública supera o valor de referencia” recollido no PDE – do 60 por cento en relación ao PIB – terá que “reducirse a un ritmo medio dunha vinteava parte ao ano”¹⁰ como referencia, tal e como xa sinala a última modificación do PEC.
- “Agás que unha maioría capacitada de Estados membros cuxa moeda é o euro se opoñan, teranse que apoiar as propostas ou recomendacións formuladas pola Comisión Europea sobre a situación de déficit excesivo dun país que incumpra os valores de referencia”¹¹. Esta regra introdúcese para evitar situacións como a producida no 2003, no que Alemaña e Francia mediante unha maioría simple conseguiron paralizar os procedementos sancionadores abertos contra eles.
- Tanto a Comisión como calquera Estado membro que considere que outro Estado membro non introduce na lexislación nacional as normas do 0,5 por cento do déficit estrutural “terán potestade para someter o asunto ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea”¹². “Este Tribunal poderá emitir unha sentenza vinculante, cuxo incumprimento por parte do Estado membro expedientado podería supoñerlle unha multa coercitiva do 0,1 por cento do seu PIB”¹³. Esta norma é un dos puntos clave do Tratado. Alemaña foi o principal defensor de establecer unha norma deste tipo, xa que lle outorga a posibilidade aos Estados de denunciar o incumprimento do tratado nun determinado Estado membro. Aumenta polo tanto a posibilidade de exercer unha vixilancia real sobre o marco orzamentario doutros países.

II. **Maior coordinación das políticas económicas e de converxencia, tratando de ofrecer unha imaxe de maior comunión política entre os distintos países:**

- “Os Estados membros terán que avisar con antelación ás institucións europeas cando vian emitir débeda pública”¹⁴, así poderán coordinar estas emisións entre os distintos países da zona euro e realizala no momento máis adecuado.

7 Artigo 3, apartado 1, letra a) do TCEG.

8 Artigo 3, apartado 1, letra b) do TCEG.

9 Artigo 3, apartado 2 do TCEG.

10 Artigo 4 do TCEG.

11 Artigo 7 do TCEG.

12 Artigo 8, apartado 1 do TCEG.

13 Artigo 8, apartado 2 do TCEG.

14 Artigo 6 do TCEG.

- Os países coa moeda única “terán que adaptar todas aquelas iniciativas e medidas necesarias para conseguir o correcto funcionamento da zona do euro”¹⁵. Mediante esta norma os países da Eurozona abren a posibilidade de que se decidan as políticas que teñen que adoptar desde fóra das súas fronteiras. Polo tanto existirá unha ampla redución da súa soberanía sobre políticas fiscais e orzamentarias.
- “Todas as grandes reformas sobre a política económica serán debatidas previamente entre os distintos países da Eurozona e coordinaranse se estes consideran que é a opción máis adecuada”¹⁶. De novo, ao igual que na medida anterior, obsérvase unha importante cesión de soberanía sobre as políticas fiscais e orzamentarias por parte dos países coa moeda única.

Fortalecemento da gobernanza da zona do euro, reforzando o marco institucional da Eurozona:

- Aumento do número de reunións dos países do euro: “os Xefes de Estado ou de Goberno dos países cuxa moeda é o euro reuniranse sempre que fose necesario e como mínimo dúas veces ao ano”¹⁷. Esta reunión recibirá o nome de “Cume do Euro” e nela debateranse todas as políticas destinadas a modificar a arquitectura xeral da zona do euro, e todas aquelas cuestións relacionadas coa aplicación do TCEG.
- “Nomearase un Presidente do Cume do Euro”¹⁸. Ao igual que co nomeamento dun Presidente Permanente do Consello Europeo, mediante este novo cargo inténtaselle dar forza institucional a esta reunión..

Como se pode observar, nestes artigos recóllense disposicións que confiren un maior traspaso de soberanía á UE do estipulado nos outros tratados reguladores das políticas orzamentarias (como o PEC reformado ou o PDE), sobre todo naqueles países que forman parte da zona euro. Polo tanto, o TCEG representa un gran paso na “tan ansiada” unión fiscal da Eurozona (e da Unión Europea), aínda que aínda queda un longo camiño por percorrer.

3. PROCESO DE NEGOCIACIÓN DEL TCEG

A situación de crise económica mundial que comezou a finais do ano 2007 afectou dunha maneira particular a Europa, producíndose un crecemento moi baixo na Unión Europea, que provocou unha forte recesión durante o ano 2009¹⁹.

Esta recesión provocou unha profunda deterioración das finanzas públicas europeas. A maioría dos Estados membros estiveran cumprindo os límites de débeda pública e déficit estrutural establecidos no PEC revisado²⁰. Pero debido ás consecuencias da crise os estados aumentaron as súas partidas de gasto público mentres que os seus ingresos se vían reducidos, polo que cada vez era maior o número de países que incumprían estas regras²¹. Con respecto ao criterio da débeda pública, no ano 2010 só “cumpriron” catro países: Eslovaquia,

15 Artigos 9 e 10 do TCEG.

16 Artigo 11 do TCEG.

17 Artigo 12, apartado 2 do TCEG.

18 Artigo 12, apartado 1 do TCEG.

19 Gráfico 1, na sección anexos.

20 Reforma de xuño de 2005.

21 Gráficos 2 e 3, na sección anexos.

Eslovenia, Finlandia e Luxemburgo, mentres que o criterio do tres por cento de déficit estrutural foi respectado en 2009 e 2010 por unicamente dous países: Finlandia e Luxemburgo. Ademais, nin a Comisión nin o Consello contemplaban abrir expedientes a todos estes Estados membros por incumprir o PEC revisado.

Gran parte dos mandatarios europeos sostían que unha das principais razóns de que a crise económica fose máis aguda na Unión Europea e na Eurozona que noutros lugares do mundo se debía ao incumprimento xeneralizado dos límites acordados no PEC revisado, xa que cunhas finanzas públicas débiles Europa non podía facer fronte aos vaivéns económicos. Cos datos negativos do PIB de 2009 na man, os mandatarios europeos comezaron un debate sobre se sería máis adecuado esixir o regreso ao cumprimento estrito dos criterios do PEC ou se pola contra este se debería reformar para obrigar a un maior rigor das finanzas públicas e para ter unha maior facilidade para impoñer sancións reais que obrigasen ao cumprimento das normas orzamentarias a aqueles Estados membros que coas súas actuacións puxesen en perigo ao resto dos países da Eurozona e a Unión Europea.

Nun primeiro momento os líderes europeos decantáronse por reformar a lexislación existente. A principios de novembro de 2011 adoptáronse seis medidas legislativas que propuxera a Comisión Europea en setembro de 2010 nun paquete legislativo denominado "Six Pack", que entrarían en vigor o 13 de decembro de 2012. O longo proceso necesario para lograr a súa aprobación puxo de manifesto a extremada lentitude das institucións europeas á hora de realizar reformas en sectores clave da economía, xa que se necesitou máis dun ano para conseguir a súa aprobación.

Porén, a crise económica continuaba sendo o gran problema da UE. Un dos principais motivos de que non se tivese logrado solucionar atopábase na desconfianza dos mercados financeiros ante a situación orzamentaria de varios Estados membros, e a reforma fiscal descrita no parágrafo anterior non fora suficiente para rebaixar esta tensión. Por iso a finais dese mes a Comisión Europea volvía iniciar un novo proceso legislativo mediante dúas novas propostas. Non obstante, desde Alemaña e Francia non estaban dispostos a agardar como mínimo outro ano para conseguir que o marco orzamentario da UE se vise reforzado e albergaban serias dúbidas sobre a posibilidade de alcanzar un consenso con todos os socios da UE. Por este motivo comezaron a buscar outras alternativas. O diario alemán Bild publicaba unha información²² que marcaría as seguintes semanas na area europea: o presidente francés Nicolas Sarkozy e a chanceler alemá Angela Merkel estaban mantendo reunións secretas para propoñer no Consello Europeo de principios de decembro un novo pacto de estabilidade, presentado baixo a modalidade de acordo internacional e non de reforma dos tratados comunitarios. Mediante este sistema o acordo podería entrar en vigor nun tempo moito máis reducido, xa que non sería necesaria a aprobación por unanimidade dos Estados membros para a súa ratificación nin resultaba imprescindible obter o visto e prace da Comisión e o Parlamento Europeo.

A reunión do Consello Europeo celebrada en Bruxelas os días 9 e 10 de decembro de 2011 anticipábase como a reunión máis importante celebrada na area europea en moitos anos, sobre todo para os países do euro. Unha das solucións propostas por Alemaña e Francia para acabar coa crise financeira radicaba en recortar aínda máis a marxe de actuación dos Estados membros sobre as súas políticas orzamentarias, endurecendo as normas antes

²² En alemán: <http://www.bild.de/politik/inland/eg-vertrag/merkel-und-sarkozy-wollen-neuen-eu-vertrag-21237830.bild.html> (última consulta 03/11/12).

recollidas no PEC revisado ata un punto nunca visto. Como previran Angela Merkel e Nicolas Sarkozy, resultou imposible elaborar un novo pacto reformando os tratados xa que o Reino Unido se opuxo tallantemente ao rexeitarse un protocolo proposto polo primeiro ministro David Cameron sobre que os servizos financeiros británicos estivesen exentos de cumprir as normas fiscais comunitarias. Pero foi o único actor que nadou contracorrente posto que os demais Estados membros – mesmo aqueles países que non forman parte da moeda única – aceptaban elaborar un acordo internacional.

As ideas xerais deste novo pacto orzamentario, que se recollen na declaración dos xefes de estado e de goberno da zona do euro do 9 de decembro²³ son en esencia as medidas para “estabilizar a zona euro e superar a crise actual” que detallaran Angela Merkel e Nicolas Sarkozy varios días antes nunha carta remitida ao Presidente do Consello Europeo²⁴: “creación dun novo pacto orzamentario, apostando por unha coordinación reforzada das políticas económicas e desenvolvendo instrumentos de estabilización propios para facer fronte aos desafíos a curto prazo”.

A versión definitiva do Tratado internacional foi finalizada e aprobada por case todos os Estados membros da Unión Europea – coa excepción de Gran Bretaña e a República Checa – o 30 de xaneiro de 2012, na reunión informal do Consello Europeo celebrada en Bruxelas. Este acordo recibiu a denominación de “Tratado de Estabilidade, Coordinación e Gobernanza na Unión Económica e Monetaria” (TECG).

A sinatura do TECG tivo lugar baixo o abeiro do Consello Europeo celebrado a principios de marzo²⁵. A consolidación orzamentaria seguía sendo polo tanto o obxectivo principal dos países que conforman a UE para lograr saír da crise económica.

4. PROCESO DE NEGOCIACIÓN DO TECG DESDE AS PERSPECTIVAS DAS TEORÍAS DA INTEGRACIÓN EUROPEA

A continuación examínanse as hipóteses que levaron á elaboración do TECG desde varias teorías e modelos teóricos da integración europea, aínda que convén resaltar que unha combinación de certas partes destes modelos e teorías proporcionarían, sen dúbida, unha visión máis atinada e axeitada das razóns que levaron á súa sinatura, xa que unha simple análise mediante unha única teoría non é o suficientemente completa para explicar un proceso tan importante e complexo. Noutras palabras: ningún enfoque illado ten suficiente forza por si só para ofrecer unha explicación de por que se elaborou este Tratado, malia que a teoría intergubernamentalista destaca sobre as demais.

A) Desde a óptica do Intergubernamentalismo (liberal)

A continuación explícanse os motivos polos que se pode analizar o proceso de reforma das políticas orzamentarias e de vixilancia durante estes últimos anos mediante o enfoque do intergubernamentalismo (liberal): en primeiro lugar abordárase o aumento de poder en mans do Consello Europeo, e en segundo lugar analizarase o papel de Alemaña neste proceso de revisión das políticas orzamentarias e de estabilidade dos Estados membros.

23 Pódese consultar esta declaración na seguinte páxina:

http://www.consilium.europa.eu/uedocs/cms_data/docs/pressdata/es/ec/126673.pdf (última consulta 03/11/12).

24 Pódese consultar a carta en francés (non hai tradución oficial ao inglés) no seguinte enderezo:

http://www.elysee.fr/president/root/bank_objects/111207Lettre_adresse_e_a_M_Herman_Van_Rompuy.pdf (última consulta 03/11/12).

25 Consello Europeo de 1 e 2 de marzo de 2012 celebrado en Bruxelas.

O 1 de decembro de 2009 entraba en vigor o Tratado de Lisboa, que nun principio desprendía unha sensación dun maior grao de supranacionalismo no marco comunitario xa que certas disposicións no devandito Tratado reforzaban claramente a soberanía da Unión Europea, como os artigos referentes ao pleno recoñecemento dos Parlamentos nacionais²⁶ (que teñen unha maior participación nas actividades comunitarias); a posibilidade de que os cidadáns europeos poidan presentar iniciativas que poderán ser analizadas pola Comisión Europea²⁷ y el aumento de ámbitos en los que la legislación de la Unión Europea tiene que ser aprobada por el Parlamento Europeo²⁸. Estes artigos presentan un claro problema aos defensores do intergubernamentalismo, non hai que esquecer que durante estes dous últimos anos se produciu un enorme trasvase de poder ao actor máis intergubernamental: o Consello Europeo. O mesmo Tratado de Lisboa que intentou fortalecer a lexitimidade da Unión Europea mediante as medidas anteriormente mencionadas, tamén reforzou o panorama intergubernamental mediante a inclusión do Consello Europeo na arquitectura institucional da Unión Europea²⁹, e a creación dun novo cargo: o Presidente do Consello Europeo³⁰. Segundo o Tratado, esta persoa será elixida entre os membros da devandita institución e tratará de mediar entre os distintos Estados membros.

Nos últimos anos observamos que o papel desempeñado por Herman Van Rompuy – primeiro presidente permanente do Consello Europeo³¹ e recentemente reelixido para outros dous anos e medio³² – contribuiu a reforzar ao Consello Europeo na arquitectura institucional da Unión Europea.

O Consello Europeo divisou na crise financeira a oportunidade perfecta para converterse na institución con máis poder da UE, sendo actualmente a institución que realmente establece a axenda política da UE, deixando practicamente sen voz ao Parlamento Europeo e á Comisión Europea. Esta última institución tivo que loitar de maneira continua para non verse relegada do panorama europeo. En febreiro de 2010, a chanceler alemá Angela Merkel atacaba indirectamente a esta institución, sinalando nunha reunión informal do Consello Europeo que *“Nós, os xefes de Estado e de Goberno somos o [verdadeiro] goberno económico [da UE]”*³³. Esta afirmación foi respondida polo Presidente da Comisión Europea, José Manuel Durão Barroso nunha intervención realizada ante Parlamento Europeo: *“A Comisión é o Goberno económico da Unión”*³⁴.

Tamén no ano 2011 podemos recoller outros exemplos da defensa realizada pola Comisión ante os métodos do Consello Europeo. Noutro discurso do Presidente da Comisión ante o Parlamento o 14 de setembro de 2011 sinalaba que *“un sistema baseado nunha cooperación intergubernamental non funcionou no pasado e non funcionará no futuro”*³⁵. No

26 Artigo 12 do TUE

27 Artigo 11.4 do TUE

28 Artigo 294 do TFUE

29 Artigo 13 do TUE

30 Artigo 15.6 do TUE

31 Foi designado en novembro de 2009 e asumiu o cargo de maneira oficial o 1 de xaneiro de 2010.

32 No Consello Europeo de 1 e 2 de marzo de 2012, o seu mandato esténdese ata o 30 de novembro de 2014.

33 Pódese escoitar esta afirmación en <http://tvnewsroom.consilium.europa.eu/event/informal-european-council-february-2010/joint-briefing-france-germany-part-1/P12/> (última consulta 03/11/12).

34 Semanal Der Spiegel de 29 de novembro de 2011, en

http://internacional.elpais.com/internacional/2011/11/29/actualidad/1322559070_995200.html (última consulta 03/11/12).

35 En inglés: SPEECH/11/572

mesmo debate parlamentario, o Comisario de Economía e Asuntos Monetarios Olli Rehn tamén sinalaba que *“o exceso de intergubernamentalismo e a falta de método comunitario limitaron as accións da UE”*.

Porén, é evidente resaltar que o proceso de reforma das políticas de estabilidade e orzamentarias pon en dúbida as palabras de Durão Barroso e Olli Rehn. Un dos principais problemas deste método intergubernamental radicaba na necesidade de que todos os países da Unión Europea estivesen de acordo coas medidas introducidas, pero este dilema resolveuse mediante dous tecnicismos: acudir á elaboración dun tratado internacional en vez de reformar os tratados xa existentes – unha vez Gran Bretaña ameazou con paralizar o proceso ao opoñerse a empregar as disposicións recollidas no artigo 48 do TUE – e prescindir do requisito da unanimidade para a entrada en vigor do TCEG e que este só necesite a súa ratificación en 12 dos 17 países da eurozona. A supresión da regra da unanimidade é un punto e á parte na historia da integración comunitaria, xa que esta circunstancia nunca se dera con anterioridade e claramente reforza o papel do Consello Europeo.

Tamén se pode observar o papel absolutamente determinante do Consello Europeo a partir das declaracións do Parlamento Europeo na súa resolución sobre o Consello Europeo de 30 de xaneiro de 2012³⁶– Consello no que se presentou a versión final do Tratado de Estabilidade, Coordinación e Gobernanza na Unión Económica e Monetaria: *“[O Parlamento Europeo] reitera a súa opinión de que tería sido mellor acadar un acordo de acordo coa lexislación da UE.”*.

Pero o maior exemplo da deriva intergubernamental neste proceso atópase no artigo 8 do TCEG. Neste artigo réstase claramente poder á Comisión, xa que se establece a posibilidade de que calquera Estado membro que considere que outro Estado non incluíu as regras orzamentarias que se recollen no Tratado na súa lexislación nacional no prazo marcado – con independencia da opinión da Comisión – poderá someter a cuestión ao Tribunal de Xustiza. Este artigo outorga un poder sen precedentes aos Estados membros, facultándoos para controlar e vixiar aos seus vecinos, un dereito que foi reivindicado desde o principio desde o *“Bundestag”* alemán.

De feito Alemaña desempeñou un papel fundamental durante todo este proceso. A chanceler alemá Angela Merkel sinalaba en setembro do ano 2011: *“Este ano seremos o motor do crecemento de Europa”*. Durante esta crise Alemaña se afianzou como a potencia económica da UE, xa que as circunstancias colocárona nunha situación privilexiada. Ao ser a primeira potencia económica de Europa e gozar dunha confianza inquebrantable nos mercados financeiros, tamén demandou coas súas actuacións ser considerada a primeira potencia política. De feito, Alemaña por si soa enfrontouse ás institucións europeas rexeitando sempre numerosas propostas destas institucións supranacionais, como a posible emisión de débeda conxunta na Unión en vez de emitir débeda de carácter individual – eurobonos – petición que formularon en numerosas ocasións tanto o Parlamento Europeo³⁷ como a Comisión³⁸.

36 B7-0044/2012

37 Consultar a resolución do Parlamento Europeo de 15 de febreiro de 2012 sobre a viabilidade da introdución de bonos de estabilidade (B7-0016/2012).

38 Consultar o libro verde da Comisión sobre a viabilidade da introdución de bonos de estabilidade de 23 de novembro de 2011 (COM(2011) 818).

Hai que resaltar que as negociacións intergubernamentais no ámbito europeo foron dirixidas historicamente polos Estados membros máis grandes, xa que resultaban decisivos á hora de apoiar ou non unha reforma polo seu peso relativo. Os principais países son Alemaña, Francia, Gran Bretaña, Italia e, desde o Tratado de Niza³⁹ España e Polonia⁴⁰. Estes habitualmente adóitanse aliñar en varios bloques, para ter máis forza nas negociacións e ter máis posibilidades de acadar os seus intereses.

Por exemplo, no ano 1997, había dúas posturas diferentes sobre os candidatos a aceptar para entrar na terceira etapa da Unión Económica e Monetaria (UEM) (Heipertz & Verdun, 2010), lideradas por Alemaña e Francia⁴¹. A primeira defendía reforzar a disciplina fiscal da UEM introducindo un pacto de estabilidade, mentres que a segunda estaba en contra da implantación dun pacto desa natureza se este implicaba o establecemento de novas barreiras para entrar na terceira etapa da UEM. Desde unha óptica intergubernamentalista resulta sinxelo explicar esta situación de división. Os Estados membros aliñáronse nun bando ou outro en función dos seus intereses e ao final chegouse a unha especie de acordo intermedio no que ambos os dous bandos saíron gañando: estableceuse o PEC pero este non impediu a entrada de países como Irlanda ou Italia na terceira etapa da UEM. Desde unha óptica intergubernamentalista resulta sinxelo explicar esta situación de división. Os Estados membros aliñáronse nun bando ou outro en función dos seus intereses e ao final chegouse a unha especie de acordo intermedio no que ambos os dous bandos saíron gañando: estableceuse o PEC pero este non impediu a entrada de países como Irlanda ou Italia na terceira etapa da UEM.

Volvendo á negociación deste último Tratado obsérvase claramente que non existiron varios bloques. Desde o comezo das “negociacións”, houbo un actor fundamental, que foi Alemaña, que trataba de conseguir un Tratado que esixise unha maior estabilidade orzamentaria na Eurozona. Este país impuxo a súa proposta aos demais Estados membros e ás institucións supranacionais aproveitando de que a situación de crise financeira que sufría Europa permitía formular esta cuestión. O apoio de Francia, co seu presidente Nicolás Sarkozy á fronte foi unha valiosa axuda para conseguir obter este Tratado en tan pouco espazo de tempo. O entón presidente da república francesa, Nicolás Sarkozy decidiu apoiar a proposta alemá por dous motivos: en primeiro lugar, e en liña co enfoque das políticas domésticas, existía un importante interese de que a credibilidade da débeda francesa se mantivese no chanzo máis alto posible, a “triple A”. En segundo lugar, se a proposta saía adiante, ademais de conseguir fortalecer ao Consello Europeo e debilitar ao mesmo tempo á Comisión Europea, Francia converteríase xunto con Alemaña no núcleo desta institución, e restaba poder de decisión a outros Estados membros como Inglaterra. Desde o punto de vista intergubernamental, este apoio resultaba axeitado para os intereses franceses.

Os demais actores nacionais da Eurozona carecían da forza necesaria para enfrontarse contra os dous membros máis poderosos da moeda única e tiveron que aliñarse coa postura

³⁹ Desde o cambio no reparto de votos no Consello recollido no Tratado de Niza (2001/C 80/01), que outorgaba un maior peso a estes dous países.

⁴⁰ Cómpre resaltar que está previsto que o sistema de votos cambie a partir do 1 de novembro de 2014, segundo o estipulado no Tratado de Lisboa (artigo 238 do TFUE).

⁴¹ As posicións de Gran Bretaña e Italia non se tiñan en conta, xa que a primeira decidira non participar na UEM, mentras que á segunda se lle ignoraba debido á elevada débeda pública que tiña – aproximadamente 107% do PIB nos anos 1995 e 1996, segundo as estatísticas do FMI (http://www.imf.org/external/pubs/ft/weo/2012/01/weodata/weorept.aspx?sy=1994&ey=1997&ssd=1&sort=country&ds=.&br=1&p1.x=61&pr1.y=7&c=136&s=GGXWDN_NGDP&grp=0&a=) (última consulta 03/11/12).

defendida desde Berlín e París. Porén poderíase afirmar con que os resultados non foron igual de valiosos para ambos os dous países, xa que maioritariamente son favorables a Alemaña, como por exemplo na obtención do rigor orzamentario ou na limitación da actuación do Banco Central Europeo. Esta asimetría de poder permitiu que Alemaña saíse vencedora de practicamente todas as cuestións concernintes ao TECG.

B) Desde a teoría Neofuncionalista

As institucións supranacionais, sobre todo o Parlamento Europeo e a Comisión, implicáronse no proceso de analizar se era recomendable revisar o Tratado de Estabilidade na Unión Europea. Estes actores centrais do proceso, viñeron presentando múltiples propostas e iniciativas desde o primeiro momento. O Parlamento Europeo – que está emerxendo como un actor cada vez máis relevante na escena europea – contribuíu desde o principio con recomendacións á Comisión, como na súa resolución do 20 de outubro de 2010 con recomendacións sobre a mellora do marco para a gobernanza económica e a estabilidade da Unión⁴². Tamén se tiveron en consideración as análises das modificacións propostas realizados polo Banco Central Europeo (BCE), como no documento presentado ao Grupo Especial para a Gobernanza Económica en xuño de 2010⁴³.

Os actores sinalados no parágrafo anterior son sen dúbida os máis importantes nunha interpretación neofuncionalista da reforma do Pacto de Estabilidade. Pero tamén é imposible esquecer o fundamental labor que realizou o Consello Europeo en todo este proceso. Desde unha perspectiva intergubernamentalista (que se explicará a continuación) pódese argumentar que o papel predominante desta “institución comunitaria que reúne aos xefes de Estado e de goberno dos Estados membros” resta valor á tese neofuncionalista da revisión do PEC. Porén isto non é así: mediante un enfoque neofuncionalista o que se enfatiza é que os membros desta institución non realizan negociacións só en clave de interese nacional (Verdun, 2000), senón que hai unha idea subxacente de querer axudar a seguir contribuíndo á construción de Europa⁴⁴. Polo tanto mediante este enfoque faise fincapé en que nas reunións do Consello Europeo, os xefes de Estado e de goberno tratarán de chegar a acordos de forma conxunta.

A estreita colaboración entre a Comisión e o Consello Europeo obsérvase claramente nas distintas resolucións que se van adoptando ao longo do período 2010-2012. Xa en marzo de 2010 o Consello Europeo pedía a creación dun grupo de estudo presidido polo Presidente do Consello Europeo para analizar as posibles reformas do PEC, “en coordinación coa Comisión” para presentar medidas antes de que finalizase ese ano. En efecto, ese grupo foi creado no mesmo mes de marzo e presentou un informe a finais de setembro dese mesmo ano. Pois ben, as propostas do devandito informe teñen a súa orixe en dúas Comunicacións que a Comisión anunciara varios meses antes, en maio e xuño e que se recompilan en seis propostas legislativas que esta adopta a finais de setembro. Neste documento catro das seis propostas legislativas decidíronse mediante o procedemento legislativo ordinario, recollido no artigo 294 do TFUE⁴⁵– coñecido con anterioridade ao Tratado de Lisboa como o procedemento de codecisión – que outorga igualdade de condicións ao Parlamento e ao

42 (INI (2010) 2099)

43 (BCE, 2010)

44 Esta idea de que os actores buscan construír Europa pódese deducir por exemplo da obra de Haas. (Haas, 1968)

45 Antigo artigo 251 do TCE

Consello para aprobar un proxecto legislativo que propuxera a Comisión. Esta característica de negociación comunitaria é de tendencia claramente neofuncionalista, xa que o Parlamento é a institución supranacional europea por excelencia.

Os críticos do neofuncionalismo argumentan que as recomendacións do Parlamento e da Comisión non foron na súa maioría tomadas en consideración unha vez se rexeitou aprobar a revisión da estabilidade e vixilancia orzamentaria vía reforma dos Tratados europeos – polo bloqueo de Gran Bretaña – e decidiuse recorrer á redacción dun tratado internacional (entre países, e para máis intergubernamental). De feito esta ausencia de aceptación das propostas formuladas foi recollida polo mesmo Parlamento Europeo na súa resolución sobre o Consello Europeo dos días 8 e 9 de decembro de 2011 de data 11 de xaneiro de 2012⁴⁶. É máis, neste mesmo informe o Parlamento Europeo lanza a seguinte advertencia: “[O Parlamento Europeo] lembra que a UE é un proxecto político baseado en valores comúns, nunhas institucións comúns sólidas e no respecto dunhas normas comúns”. Nótese que en apenas dúas liñas a palabra “comúns” se repite en tres ocasións. Resulta evidente que o Parlamento Europeo non ía permitir que non se tivesen en conta as súas consideracións.

Paralelamente, tamén a Comisión realizou unha chamada de atención, como ben se pode observar no discurso que realizou o Presidente desta institución, José Manuel Durão Barroso en Estrasburgo o 18 de xaneiro de 2012⁴⁷ sobre adirección que estaba collendo o anteproxecto do Tratado. O malestar obsérvase claramente nos seguintes extractos do discurso *“a Comisión desexa chegar a un acordo que respecte certo número de principios (básicos da Unión Europea) [...]. Porén, a semana pasada a Comisión estaba preocupada por algúns cambios introducidos no último borrador, que soamente levan á irritación e á división. Como consecuencia, a Comisión presentou [inmediatamente] emendas para asegurar que o texto é institucionalmente aceptable”*.

Estas advertencias tiveron o seu efecto: unhas semanas máis tarde, na Resolución do Parlamento Europeo sobre o Consello Europeo do 30 de xaneiro de 2012⁴⁸ o Parlamento *“considera que o texto definitivo mellora en varios aspectos o texto orixinal e que se incorporaron varias modificacións propostas polo Parlamento”*. Con respecto ás emendas da Comisión, esta mesma recolle que *“estas [emendas] foron na súa maioría aceptadas”*.

Polo tanto estes fragmentos demostran claramente que o rol do Parlamento Europeo e a Comisión foron importantes na elaboración do tratado internacional finalmente aprobado, e ao ser estes actores supranacionais outorgan valor a unha análise neofuncionalista deste proceso.

C) Desde o modelo teórico das Políticas Domésticas

O enfoque das políticas domésticas debería servir para explicar por que hai países que apoiaron con firmeza o Tratado, ou que é o que os incentiva a lograr un acordo deste estilo.

Por exemplo, como xa se destacou anteriormente, Alemaña xogou un papel determinante neste proceso. A opinión pública e a prensa tiveron moita importancia no papel desempeñado polo goberno do Bundestag. Moitos alemáns crían que a crise se produciu soamente porque outros Estados membros non procederon ás necesarias reformas estruturais

46 O Parlamento Europeo lamenta que o proxecto de acordo internacional relativo a unha unión para a estabilidade orzamentaria de 10 de xaneiro de 2012 non reflecta, a día de hoxe as propostas do Parlamento Europeo (B7-0005/2012)

47 En inglés: SPEECH/12/15

48 B7-0044/2012

e á austeridade orzamentaria, reformas que si tiveran que sufrir nas súas propias carnes. Os alemáns tiñan a percepción de que “terían que pagar polos deberes incumpridos noutros países”, e iso era algo que non estaban dispostos a soportar – esta opinión foi difundida e propagada pola maior parte da prensa sensacionalista alemá, o que tamén explica a alta porcentaxe de alemáns que compartían esta visión – A presión exercida por estes dous actores foi un dos motivos polos que Alemaña quería introducir a “regra de ouro” nos demais Estados membros, como xa se senalou na introdución deste capítulo.

Este enfoque tamén é útil para explicar por que dous Estados membros decidiron non asinar o Tratado.

Con respecto a Gran Bretaña, é de sobra coñecido o euroescepticismo de gran parte dos seus cidadáns. Por iso non resulta sorprendente que a actuación do presidente británico James Cameron no cume do Consello Europeo do 8 e 9 de decembro negándose a reformar os tratados existentes da Unión Europea para implantar máis disciplina fiscal⁴⁹ ((e que obrigou a aprobar estes cambios mediante un tratado internacional), fose adoptada en nome do “*interese nacional británico*” e que só fora criticada por un pequeno sector da poboación, malia que a posición deste país no marco comunitario se vira fortemente debilitada. De feito, estes pasos dados polo goberno británico nos últimos meses, que parecen afastar a Gran Bretaña da UE, son apoiados por un amplo sector da poboación⁵⁰. Ademais desta desconfianza cara as institucións europeas pola cidadanía británica, a principal razón da postura adoptada por David Cameron garda relación cos intereses do sector financeiro británico. Este tratado impón novas normas fiscais que limitarían en gran medida as actuacións das entidades británicas. A “City” londinense non estaba disposta a aceptar esta intromisión da UE na soberanía nacional e por iso presionaron para que o goberno non apoiase as reformas.

O caso da República Checa é máis complexo. Despois de varias sesións de debate no Parlamento checo, o aínda primeiro ministro checo Petr Nečas decidiu absterse de asinar o TECC. Tres foron os principais motivos que o levaron a adoptar esta decisión⁵¹:

- I. A ausencia nos cumes da eurozona da República Checa.
- II. O Tratado non achegaba nada de interese á República Checa, xa que este país tratará de mellorar a consolidación fiscal pola súa propia conta.
- III. A complexa situación doméstica en canto ao proceso de ratificación do Tratado.

Porén, estes tres argumentos defendidos polo primeiro ministro Nečas poden ser facilmente rebatidos (Král, 2012).

- Con respecto ao primeiro punto, este Tratado ofrece a posibilidade aos países que están fóra da moeda única de acudir aos cumes da Eurozona, como mínimo unha vez ao ano ou sempre e cando se traten temas de competitividade ou reforma da arquitectura da Eurozona⁵². Nečas defendeu que unha das razóns de maior peso na súa decisión de non asinar o pacto fiscal era que desexaba que a República Checa tivese unha maior participación nos cumes do Euro. Pero ao mesmo tempo, afirmou

49 Para coñecer máis a fondo a actuación do Primeiro Ministro británico, ler (Research Paper 12/14)

50 Nunha sondaxe posterior ao bloqueo británico no Cume Europeo do 8 e 9 de decembro, realizado pola empresa “Ipsos MORI” para o Daily Telegraph, un 60 por cento da poboación británica revisaría a pertenza do país á UE.

51 Para coñecer máis outros motivos esgrimidos por Nečas, ler a análise de Miller (Miller, 2012).

52 Artigo 12.3 do TECC..

que non confiaba en que este país tivese maior peso ata a súa entrada no euro, polo que resultou sorprendentemente incoherente ese argumento.

- Tamén resulta chocante a afirmación de que o goberno checo realizará todas as medidas de consolidación fiscal pola súa conta. A maioría dos tratados seguen a política económica defendida polo goberno checo. De feito, se o Partido Democrático Cívico lograra implantar na constitución unha norma que limitara o déficit público, limitando así as actuacións de futuros gobernos, sería este partido o que saíría beneficiado, xa que estaría en liña coas directrices económicas que persegue.
- O punto máis polémico ten que ver co razonamento de que existían moitos factores que impedirían que o TCEG fose ratificado. Segundo as súas impresións, a poboación checa rexeitaría a cuestión en referendo, e o Presidente Václav Klaus – cuxa sinatura é imprescindible para ratificar o tratado – non estaría polo labor de aceptar unha intromisión soberana europea. Porén, na constitución da República Checa non está recollida ningunha obriga de convocar un referendo para unha cuestión desta natureza, e poderíanse realizar todas as operacións dentro do marco parlamentario. Sobre o euroescepticismo de Klaus, de sobra coñecido, hai que lembrar que remata o seu mandato en febreiro do próximo ano, e polo tanto poderíase aprazar ata despois desa data.

Resultan polo tanto totalmente contraditorios os argumentos defendidos polo primeiro ministro Nečas, e non ofrecen unha explicación tan lóxica como no caso de Gran Bretaña.

5. CONCLUSIÓNS

O TCEG é un instrumento axeitado para coñecer mellor o proceso de integración comunitaria. O sistema de contrastación a través das teorías da integración europea empregado neste traballo outorga unha maior comprensión deste novo fito do proceso de integración europea e permite coñecer máis a fondo o funcionamento da Unión Europea. Cómpre subliñar que é practicamente imposible que unha única teoría explique unha determinada política europea por si soa: o número de actores implicados e os detalles técnicos inherentes ao proceso de integración europeo aumentaron exponencialmente desde que Haas formulou nos anos 60 a súa proposta para interpretar os cambios que estaban sucedendo na Europa daquela época, cambios que case con toda seguridade seguirán producíndose no futuro.

Coa teoría “neofuncionalista” sinalábase a existencia dunha evidente lóxica funcional e económica na Eurozona que esixía solucións institucionais aos problemas derivados da unión monetaria. As regras de estabilidade orzamentaria establecidas no obsoleto Pacto de Estabilidade (PEC) de 1997, reformadas no ano 2005 non eran axeitadas nin suficientes para garantir unha forte estabilidade económica e unha alta consolidación orzamentaria na área do euro. A existencia de actores con enormes diferenzas nas súas políticas orzamentarias nun medio no que a soberanía sobre a política monetaria se ubicaba nun ente supranacional non resultaba admisible nin axeitada. Xunto a isto, o mediocre cumprimento das normas existentes no PEC presaxiaba que non se estaba avanzando polo bo camiño. Polo tanto resultaba de vital importancia acometer canto antes a revisión desas normas para acadar unha maior disciplina orzamentaria.

O enfoque das “*políticas domésticas*” é o máis apropiado para explicar a decisión da República Checa e Gran Bretaña de non asinar o TCEG (aínda que no Tratado se contempla a posibilidade de que o acepten nun futuro⁵³). Tamén permite explicar por que Alemaña apostou decisivamente por este asunto: esta é a maneira idónea para plasmar na política europea a súa política monetaria nacional baseada na constitucionalización da regra de control do déficit; noutras palabras, podería afirmarse que esta ferramenta, ao perseguir unha maior estabilidade financeira e fiscal nos Estados membros, resulte amplamente beneficiosa para os intereses alemáns.

Porén, a visión predominante con respecto á elaboración do TCEG é a intergubernamentalista. Desde as posicións do “*intergubernamentalismo (liberal)*” destácase a posición dominante dos Estados membros fronte outras institucións comunitarias, sobre todo a través dos labores que realizaron a partir das reunións do Consello Europeo. Tamén é imprescindible subliñar a enorme importancia que no devir do proceso tivo Alemaña. Mediante o TCEG conseguiron influir nas políticas fiscais dos outros membros do euro, impoñendo a obriga de recoller constitucionalmente (ou mediante disposicións de rango similar) un límite ao déficit estrutural e á débeda pública.

Se non houberse tido lugar unha crise económica tan fonda na Eurozona (situación que Alemaña usou para defender a necesidade dunha maior coordinación orzamentaria na Unión Europea) non se tería alcanzado un acordo deste tipo. E aínda que a ratificación deste Tratado está a día de hoxe no aire, este acontecemento non é un simple paso máis na construción europea: o Tratado de Estabilidade, Coordinación e Gobernanza é a primeira peza do puzzle da unión fiscal europea, unión que chegará probablemente antes do que pensamos.


6. BIBLIOGRAFÍA

- BCE (2010), *Proyecciones macroeconómicas elaboradas por los expertos del eurosistema para la zona del euro*, xuño.
- BINI-SMAGUI, Lorenzo; PADOA-SCHIOPPA, Tommaso e PAPADIA, Francisco (1994), *The transition to EMU in the Maastricht Treaty*, Essays in international finance nº194, Princeton University, New York.
- BÖLÜKBAŞI, Tolga (2007), *Plus ça change...? The European social model between “economic governance” and “social Europe” from the Maastricht Treaty to the European Constitution*, en VERDUN, Amy, ed. “Political and Monetary Consequences of Economic and Monetary Union: Taking Stock of the First Eight Years”, Nova Science Publishers, New York, 25-56.
- HAAS, Ernst (1968), *The Uniting of Europe: Political, Social, and Economic Forces, 1950-1957*, 2ª ed, Stanford University Press.
- HEIPERTZ, Martin y VERDUN, Amy (2010), *Ruling Europe: the Politics of the Stability and Growth Pact*, Cambridge University Press.
- HENRIQUE ALVES, Rui e AFONSO, Oscar (2008), *Evaluación de la reforma del pacto de estabilidad y crecimiento: ¿nuevo y mejor?*, Ekonomiaz: Revista vasca de economía nº67, 392-409.
- KRÁL, David (2012), *Why the Czechs did not sign up to the fiscal treaty*, EPIN Commentaries nº 9, Centre for European Policy Studies, Bruselas.
- MILLER, Vaughne (2012), *The Treaty on Stability, Coordination and Governance in the Economic and Monetary Union: views in other EU Member States*, IADS, House of Commons Library.
- VERDUN, Amy (2007), *Political and Monetary Consequences of Economic and Monetary Union: Taking Stock of the First Eight Years*, Nova Science Publishers, New York.

53 Mediante o artigo 15 do TCEG.


7. ANEXOS

Gráfico 1. Taxa de crecemento do PIB en % con respecto ao ano anterior




Fonte: Eurostat

Gráfico 2. Número de países da Eurozona (16 membros) que incumpren a regra da débeda pública



Fonte: Eurostat [tsieb090]

Gráfico 3. Número de países da Eurozona (16 membros) que incumpren a regra do déficit estrutural



Fonte: Eurostat [gov_dd_edpt1]